

IV SEMANA DO LIBRO, A FESTA DAS PALABRAS

A *Axencia de Lectura de Chapela* e mais a *Biblioteca de Redondela*, en colaboración co *Servizo de Normalización Lingüística*, dependentes da Concellería de Cultura, organizan a **IV Semana do libro, a festa das palabras**, que se desenvolverá do 17 ao 29 de abril de 2012.

A conmemoración do día do libro, o vindeiro 23 de abril, serve, un ano máis, como pretexto para facer unha campaña de animación á lectura e, ao mesmo tempo, de divulgación da realidade multilingüe do noso contorno máis próximo.

Esta exposición multilingüe pódese facer grazas á colaboración das diferentes institucións que achegaron libros en **portugués** (*Instituto Camões de Vigo*); **éuscaro** (*Liburutegi Zerbitzua* – Servizo de Bibliotecas; *Euskara Sustatzeko Zuzendaritza* – Dirección de Promoción do Éuscaro (Goberno Vasco)); **catalán e aranés** (*Secretaría de Política Lingüística* da Generalitat de Catalunya); **asturiano** (*Academia de la Llingua Asturiana*); **aragonés** (*Academia de L'Aragonés*), e **galego e castelán**, dos propios fondos das bibliotecas redondelás.

Con esta mostra multilingüe xúntanse o obxectivo inicial de celebrar o día do libro e procurar unha animación efectiva á lectura expoñendo os libros en lugares pouco habituais, co obxectivo transversal e multidisciplinario de divulgar a diversidade cultural e lingüística dos territorios máis próximos a nós. Dende o coñecemento doutras realidades lingüísticas poderemos aprender a valorar a riqueza cultural e lingüística doutros pobos e a considerar mellor a nosa propia.

A programación deste ano inclúe a exposición multilingüe de libros no Multiusos do Piñeiral do Crego, en Chapela, do 17 ao 20 de abril; e no Multiusos da Xunqueira, en Redondela, do 23 ao 29 de abril. Pero ademais conta con tres presentacións de libros que se desenvolverán os días 19, 25 e 27 de abril.

A primeira delas será no **Auditorio da Xunqueira o xoves, 19 de abril, ás 12.00 h**, á que asistirá convidado alumnado de primaria redondelá e as persoas que o desexen. Neste acto presentarase o libro **A NOITE DO APALPADOR**, e contará coa presenza dos seus autores: **Xurxo Valcárcel e Pepe Carreiro**.

Esta é unha edición limitada e exclusiva para o Concello de Redondela, que parte dunha iniciativa da Concellería de Cultura a partir dun texto poético do escritor chapelán Xurxo Valcárcel Gil, para dar a coñecer esta importante figura da nosa cultura mítica e poñer en valor as nosas tradicións e identidade.

O texto, que xa hai tempo que percorre Galicia con grande éxito en diferentes medios, foi musicado tamén por Xurxo Souto e divulgado na *Radio Galega*. Para lle dar forma a este noso *Apalpador*, incluíronse as ilustracións de Pepe Carreiro que lle imprimiu o seu particular selo. O libro está editado en papel reciclado e conta cun texto inzado de vocabulario das especies vexetais e arbóreas autóctonas, que axudará a achegar aos máis pequenos o valor do noso patrimonio natural e cultural.



Presentacións

- ◆ 19 de abril, ás 12.00 h. Auditorio da Xunqueira. Xurxo Valcárcel e Pepe Carreiro: *A noite do Apalpador*
- ◆ 25 de abril, ás 20:00 h. Casa da Cultura. Moisés Quintas Suárez (Ed. Ouvirmos) *Guía didáctica dos instrumentos tradicionais galegos*
- ◆ 27 de abril, ás 12.00 h. Casa da Cultura. Yolanda Castaño: *Babelia en galego*

Pódense seguir as actividades e o seu desenvolvemento a través do blog das Bibliotecas de Redondela <http://bibliotecasredondela.blogspot.com/>, e do blog do Servizo de Normalización Lingüística <http://servizonredondela.blogaliza.org/>.

Redondela, 18 de abril de 2012